

O Nadal trae recordos, luces, e tamén historias e contos que se multiplican co tempo

2º CICLO PRIMARIA

A CASA DE HABÍA UNHA VEZ. Ana Maria Fdez., Ed. Xerais

Ana María Fernández e o ilustrador Enjamio convidánnos a realizar unha viaxe ó eterno mundo dos contos a través duns poemas nos que se entrecruzan dragóns e leóns, trasiños, raiñas e princesas, fadas encantadas e ras enmeigadas: Ó soldadiño de chumbo dóelle o pé de correr de guerra en guerra ó coxillapé...



XOA. Antonio Yañez Casal, Ed. Xerais

Cando Xoa naceu, houbo festa rachada. Ninguén acordaba outra igual no campeiro. Os seus habitantes bailaron e bailaron ata non poder máis, contentos coma carricantas. E é que había tempo que naquel lugar non viña ao mundo unha xoaniña. Os veciños foron un por un darlle os parabéns á nai, que acoleiraba a Xoa con dozura.



DIECISIETE CUENTOS Y DIEZ PINGÜINOS. Daniel Nesquens, Ed. Anaya

Que pasaría se nunha calorosa tarde de touros remata navegando un barco no medio da praza? E se uns espaguetis se endereitan ao son da frauta? Cousas así acontecen nestes contos... e é que ser un bo observador é fundamental: dese modo sábese, por exemplo, como se amañan dous pingüíns para poñerse nome, se os coches teñen rabo, ou por que resulta sospeitoso o señor do maletín.



LA CASA. J. Patrick Lewis y Roberto Innoventi, Ed. Kalandraka



No lintel da porta pode lerse «1656»: un ano de peste, o ano da súa construción. Fixérona de pedra e madeira pero, co paso do tempo, as súas ventás comezaron a ver e as súas cornixas a oír. Veu medrar familias e caer árbores. Oíu risas e disparos, coñeceu tormentas, martelos e serras, e finalmente, foi abandonada. Moito tempo despois, un día, uns nenos aventuráronse baixo a súa sombra buscando cogomelos e castañas, e volveu nacer co amencer da idade moderna...

3º CICLO PRIMARIA

NATASHA E DIMITRI. Antonio Yañez Casal, Ed. Xerais



A que lle ten que facer caso un cando debe tomar unha decisión, ao corazón ou á cabeza? Se xa para unha persoa é difícil, imaxina para unha cegoña, que anda todo o día nas nubes. Hai tempo, Natasha e Dimitri, unha parella de namoradas cegoñas transportistas, tiveron que tomar unha decisión importante para elas. A que cres que lle fixeron caso?

MALOS TEMPOS PARA OS FANTASMAS. Agustin Fdez. Paz, Ed. Xerais

Un libro que fala de cambios e adaptacións, pero tamén de tenrura e solidariedade, porque ter unha pantofo na casa non é nada malo! Só hai que saber falar, agardar, e ter os ollos e a mente ben aberta! Non chega a ser un libro de misterio, pero ten unha dose del que agradará á xente nova, quen de seguro permanecerá enganchada ata rematar a historia



DONDE LOS ÁRBOLES CANTAN. Laura Gallego, Ed. SM



Viana, a única filla do duque de Rocagrís, está prometida ao mozo Robian de Castelmar dende que ambos os dous eran nenos. Os dous ámanse e casarán en primavera. Non obstante, durante os festexos do solsticio de inverno, un arisco montaraz advirte ao rei de Nortia e os seus cabaleiros da ameaza dos bárbaros das estepas... e tanto Robian coma o duque vense obrigados a marchar á guerra

LILI LIBERTAD. Gonzalo Moure, Ed. SM

Lili-Liberdade trasladouse coa súa nai a unha nova cidade a raíz da separación dos seus pais. É unha cidade que non lle gusta; a chama Sopasosa. Coa súa nai practicamente non fala, tan só mediante caricias. No colexio non ten amigos. O luns de carnaval, cando todos os nenos e mesmo o profesor van disfrazados, ela vai sen disface.



Guía de Lectura

Nadal 2012

Biblioteca

Antón Cortizas



CEIP ISAAC PERAL

A NOSA GUÍA

Un ano máis chega o tempo do Nadal. Unhas festas cheas de ledicia para compartir coa familia e cos amigos.

Este tempo de lecer é a mellor ocasión para ler e aproveitar esta época de agasallos para pedir, aos Reis Magos, polo menos, un libro

Desde a **Biblioteca Antón Cor-tizas** preparámosvos unha lista de libros que vos van gustar.



DESEXÁMOSVOS FELICES FESTAS NA COMPAÑÍA DOS MÁIS QUERIDOS E DOS LIBROS PREFERIDOS



Para coñecer a nosa biblioteca visitade a nosa **PÁXINA WEB**

<http://centros.edu.xunta.es/ceipisaacperal>

Nela atoparemos multitude de **CONTOS E ACTIVIDADES DO NADAL**

E non esquecerse de visitar o noso sitio **"QUE LEMOS"**

onde están os libros recomendados para o Nadal, a Paz, o Verán...

Tamén podeades **LER NA REDE** ou visitar a nosa **BIBLIOTECA VIRTUAL**

LIBROS RECOMENDADOS

EDUCACIÓN INFANTIL



GATIÑO E O BALÓN. Joel Franz Rosell, Ed. Kalandraka

Recén chegada a unha nova casa e con novos veciños, Gatiño aínda non venceu a súa timidez para facer amigos. Co achado fortuíto dun balón perdido cre que poderá xogar só, pero a súa nai convénceoo para buscar o seu verdadeiro propietario antes de quedar con el. Así coñecerá a Parrula, Esquíu, Coello e Ourizo

ROSA CAMELO. Adela Turin, Ed. Kalandraka

Illada nun xardín, Margarita é a única elefanta do grupo incapaz de conseguir que a súa pel sexa de cor rosa caramelo. Cando os seus proxenitores desisten de impoñerlle ese aspecto, por fin descubrirá o significado da liberdade e abrirá o camiño da igualdade para as súas compañeiras



MAMÁ MARAVILLA. Elen Lescoat, Ed. Jaguar



Si, iso é certo... pero mamá pode ser moitas ao mesmo tempo... Adéntrate nas páxinas deste libro e descobre cantas mamás hai dentro dunha soa. Belas ilustracións que farán as delicias dos máis grandes e os máis pequenos.


EL ELEFANTE Y LA GENEROSIDAD. José Moran y Simón Méndez, Ed. Susaeta

Había unha vez un elefante tan bo que era como un anxio protector para todos os animais da bisbarra. Pero un día aparecen uns cazadores que pretenden cortar os seus preciosos cairos de marfil. Conseguirano? Neste conto, cuxas páxinas ofrecen ao lector unhas delicadas e preciosas ilustracións, o autor regálanos unha historia de xenerosidade e amizade



1º CICLO DE PRIMARIA

SACAPENAS. Anthony Browne., Ed. Kalandraka



Benito sempre estaba preocupado. Preocupábase polos sombreiros e polos zapatos. Preocupábanlle as nubes, a chuvia e os paxaros xigantes. A súa avoa, cando era nena, tamén se preocupaba por todo, así que ela sabe moi ben como axudar ao seu neto.

O RATO SOLTEIRO. Paco Livan y Marta Torrao, Ed. OQO



Rato solteiro é un leñador a quen unha fermosa moza invita a comer e a casar, se é capaz de pillala. Intentándoo, séguela ata meterse no río e chegar ao luxoso Reino das Augas. Como é filla da raíña, esta imponse como condición para non o matar pola súa ousadía de entremeterse no reino que a recoñeza entre todas as súas fermosas fillas. O rato conséguo grazas á axuda dunha abella coa que repartira a súa comida.

ÓSCAR Y EL LEÓN DE CORREOS. Vicente Muñoz Puelles, Ed. Anaya



Aínda que o medo ao descoñecido non é exclusivo da infancia, o noso protagonista, un pequeno de 6 anos, asústase dunha caixa de correo de correos con aspecto de fero león, ao que supón terroríficos poderes. Un día, por casualidade, descobre que hai detrás dunha simple caixa de correo e todos os seus medos desaparecen. Unhas ilustracións en lapis de tons pastel reforzan o ambiente de tenrura no que se desenvolve esta historia de superación.



JUANA SIN MIEDO. Ana Alonso, Ed. Anaya

Sobre o Castelo dun reino, onde non existen os animais mamíferos, pesa unha terrible maldición: ningún poderé volver habitalo ata que xurda unha persoa disposta a enfrontarse aos seus terribles monstros. Juana é unha nena moi valente e quere romper o feitiço.